



Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O  
DÍA 27 DE XULLO DE 2006.**

**ASISTENTES:**

**Alcalde-Presidente:**

D. MARCOS BLANCO JORGE

**Concelleiros/as:**

D. JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ  
(PSOE)

D<sup>a</sup>. MANUELA IGLESIAS

COLLARTE (PSOE)

D. CONSTANTINO AREDA VIDAL

(PSOE)

D. JAVIER IGLESIAS SENDÍN

(PSOE)

D. FRANCISCO XABIER CARREIRA

SEBIO (BNG)

D. CELSO SOTELO BARROSO (PP)

D. BRAULIO EXPÓSITO SOBRINO

(PP)

D. SECUNDINO RODRÍGUEZ

GÓMEZ (PP)

D. JULIO DABARCA CUIÑAS (PP)

D<sup>a</sup> MARÍA MARTÍNEZ ABAL (PP)

D. CARLOS A. PINAL HERMIDA

(PP)

D<sup>a</sup> LUISA DEL CARMEN

ESCUDERO CENTRÓN (BNG)

No Salón de sesións da Casa do Concello de Ribadavia, sendo as 20:00 horas do día VINTESETE de XULLO de 2006 reúnese en sesión ordinaria e primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, coa asistencia dos Sres./as. Concelleiros/as relacionados na marxe, actuando como Secretario, Vicente Soto Rordriguez, asistindo o responsable do departamento de Intervención, Vicente Soto Rodríguez.

**Secretario Xeral:**

Vicente Soto Rodriguez

**Interventor:**

Vicente Soto Rodríguez

\*\*\*\*\*

Comprobada a existencia de quórum suficiente para a válida celebración da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese ao análise dos puntos da orde do día.

## **1.-APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA ÚLTIMA SESIÓN CELEBRADA, QUE FOI A DO 29 DE XUÑO PASADO (ORDINARIA).**

Pola Presidencia pregúntase aos asistentes se existe algunha obxección á acta do 29 de Xuño de 2006, ao que se lle resposta negativamente, resultando aprobada por unanimidade dos asistentes.

## **2.- DACIÓN DE CONTA DE:**

### **A) RESOLUCIÓNS DA ALCALDIA DE ACORDO CO EXPEDIENTE QUE SE ACHA NA SESION.-**

De acordo co establecido no artigo 42 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e o artigo 22.2 a) da Lei 7/85 , do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local, o Concello Pleno queda enterado das resolucións de Alcaldía ditadas dende a sesión anterior, e que se relacionan de seguido:

Do 28 de febreiro, unha, sobre aboamentos.

Do 30 de marzo, unha, sobre aboamentos.

Do 22 de xuño, unha, sobre aboamentos.

Do 26 de xuño, unha, sobre aboamentos.

Do 27 de xuño, unha, sobre aboamentos.

Do 28 de xuño, dúas, sobre aboamentos.

Do 29 de xuño, tres, dúas sobre aboamentos e outra sobre contratación de persoal para realización de servizos municipais.

Do 30 de xuño, seis, unha sobre contratación de persoal para realización de servizos municipais, unha en materia de obras e outras da súa competencia e catro sobre aboamentos

Do 1 de xullo, unha, sobre aboamentos.

Do 3 de xullo, catro, unha sobre contratación de servizos municipais e tres sobre aboamentos.

Do 4 de xullo, dúas, sobre aboamentos.

Do 5 de xullo, catro, dúas sobre contratación de persoal para realización de servizos municipais e dúas sobre aboamentos.

Do 6 de xullo, dúas, sobre aboamentos.

Do 7 de xullo, catro, unha en materia obras e outras da súa competencia e tres sobre aboamentos.

Do 10 de xullo, dúas, unha en materia de obras e outras da súa competencia e outra sobre aboamentos.

Do 11 de xullo, dúas, sobre aboamentos.

Do 12 de xullo, unha, sobre aboamentos.

Do 13 de xullo, unha, sobre aboamentos.

Do 14 de xullo, cinco, unha sobre contratación de persoal para realización de servizos municipais, tres sobre aboamentos e outra en materia de obras e outras da súa competencia.

Do 17 de xullo, tres, unha en materia de asuntos fiscais (I.V.T.M, Lixo, Fraccionamento de pago de débedas, Reclamacións prescripción de débedas, Taxa por ocupación de vía pública ) e dúas sobre aboamentos.

Do 18 de xullo, dúas, sobre aboamentos.

Do 19 de xullo, unha, sobre aboamentos.

Do 20 de xullo, unha, sobre contratación de persoal para realización de servizos municipais.

Do 21 de xullo, unha, en materia de obras e outras da súa competencia.

Do 24 de xullo, unha, sobre contratación de persoal para realización de servizos municipais.

## **B) DOS EXPEDIENTES DE XERACION E INCORPORACION DE CREDITOS DO PRIMEIRO SEMESTRE 2006.-**

Pola Presidencia dáse conta dos expedientes de xeración e incorporación de créditos correspondente o primeiro semestre de 2006 e que son os seguintes: expedientes núm. 1 e núm. 2 de incorporación de créditos e expediente. núm. 1 de xeración de créditos, quedando todos os membros da Corporación enterados dos mesmos.

### **3.- SOLICITUDE DE AREA DE REHABILITACION INTEGRAL DO CASCO ANTIGO DE SAN CRISTOVO.-**

O Sr. Secretario de orde do Sr. Alcalde procede a dar lectura ao dictame da Comisión Informativa de Urbanismo celebrada o pasado día 20 de Xullo que dí: “Intervén Dona Manuela Iglesias Collarte, Presidenta efectiva da Comisión, para dar conta dunha proposta que consta no expediente e que de seguido transcríbese:

#### **“DON MARCOS BLANCO JORGE, ALCALDE-PRESIDENTE DO ILTMO. CONCELLO DE RIBADAVIA (OURENSE).-**

O obxecto de obter a declaración de Area de Rehabilitación Integrada (A.R.I.) do Casco Antigo de San Cristovo, os efectos do R.D. 801/2005, sobre Medidas de financiamento de actuacións protexidas en materia de vivenda e solo do Plan 2005-2008, propónse o Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Delimitar o ámbito da Area de Rehabilitación Integral, que abarca o ámbito do Plano Especial de Reforma Interior (P.E.R.I.) de San Cristovo e das Normas Subsidiarias.

2º.- Solicitar a declaración de Area de Rehabilitación Integral para o ámbito delimitado.

3º.- Solicitar acollerse as axudas previstas para Areas de Rehabilitación do centro histórico no R.D. 801/2005, do 1 de xullo e na normativa autonómica que o desenvolve.

4º.- Solicitar a exención, prevista no artigo 58.4 do R.D. 801/2005, do 1 de xullo, de cumprir as limitacións establecidas relativas a metros cadrados computables para o cálculo do orzamento protexido, niveis de ingresos familiares dos solicitantes das axudas e antigüidade mínima dos edificios.

5º.- Solicitar a sinatura dos pertinentes convenios coa Consellería de Vivenda e Solo para a realización e financiamento das actuacións de rehabilitación e de urbanización na dita Area.

6º.- Autorizar o Sr. Alcalde para que solicite a devandita subvención de Area e para asinar ditos Convenios. Ribadavia, 17 de Xullo de 2006”.-

De seguido a Sra. Presidente fai un explicación da memoria realizada pola Oficina de Rehabilitación.

De seguido sometese a votación ordinaria a proposta presentada, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, catro (P.S.O.E. e B.N.G.); reservanse para o Pleno os membros do P.P.- Por conseguinte por maioría absoluta fica dictaminada favorablemente”.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da proposta presentada, obténdose o seguinte resultado fica aprobada por unanimidade a devandita proposta.

### **4.- MOCION CONXUNTA DE TODOLOS GRUPOS MUNICIPAIS (P.S.O.E., B.N.G. E P.P.) SOBRE O PREZO DA UVA DO RIBEIRO.-**

O Sr. Secretario de orde do Sr. Alcalde procede a dar lectura a moción que se acha no expediente e que de seguido transcríbese:

“Ante a problemática suscitada pola situación do sector vitivinícola de toda a comarca do Ribeiro e ante o anuncio de varias industrias de non recoller a totalidade da produción amparada pola denominación de orixe Ribeiro, proponse o Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Instar a Consellería de Medio Rural que no ámbito das Mesas do Viño que mantén con todos os sectores se faga un esforzo para garantir a recollida de toda a produción dentro da denominación de orixe “Ribeiro” e acordense prezos dignos para cada variedade de uva.

2º.- Que dentro das negociacións mantidas se intente chegar a acordos (Contratos homoloxados) con obxecto da súa firmeza e que abarque varios anos co fin de evitar esta problemática en anos vindeiros.

3º.- Instar a Consellería de Medio Rural e a Xunta de Galicia, que primen a aquelas industrias que cumpran os acordos tanto de recollida como de prezos.

4º.- Instar a Consellería de Medio Rural a continuar coa política da replantación de castes autóctonas.

5º.- Dar traslado destes acordos a Consellería, Consello Regulador, Sindicatos e Concellos da Denominación de Orixe Ribeiro.-Ribadavia, 24 de xullo de 2006”.-

De seguido, o Sr. Alcalde somete a votación a inclusión no orde do día da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade a súa inclusión.

Sen necesidade de debate, o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a moción presentada obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

## **5.- MOCIÓN, ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.**

Non huubo moción de urxencia.

Don Celso Sotelo Barroso, voceiro do grupo municipal do P.P., formula os seguintes rogos e preguntas:

**1ª PREGUNTA.-** Interesalle saber con qué periodicidade se estan a vaciar os colectores soterrados.

Resposta o Sr. Alcalde: No momento que se atopan cheos, vacianse.

Intervén o Sr. Sotelo Barroso, para dicir que se deben vaciar con máis frecuencia e sen esperar a que esten cheos debido o olor que desprenden. Finaliza a súa intervención solicitando un colector de maior tamaño para a zona da rúa Progreso xa que é unha demanda dos industriais da praza de abastos, así como solicita que cando se laven os colectores se faga con coidado co obxecto de evitar manchar as rúas e así evitar malos olores.

**2ª PREGUNTA.-** Interesalle saber cando se van a limpar ou ordear a limpeza da maleza na zona da Veronza, Muñoz Calero ou rúa Oliveira, xa que están invadindo as beirarrúas.

Resposta o Sr. Alcalde: Estase a requerir os propietarios e se non o fan nun prazo establecido, o Concello procede a súa limpeza pasándolle os gastos correspondentes os propietarios. Dí que estase a proceder a limpar por parte das brigadas do Concello, sobre todo a maleza que invade as beirarrúas.

Intervén o Sr. Sotelo Barroso, para solicitar que dado que a rúa Oliveira atópase cortada, aproveitesse para proceder a limpeza dos solares, así como acondicionar a zona da Igrexa da Oliveira (prohíbese o aparcamento diante da igrexa) xa que o vindeiro día 15 de agosto celebrase a súa festividade.

**3ª PREGUNTA.-** Interesalle saber cál foi o motivo de que o camiión da Big-Ban que actuou o pasado luns quedará aparcado na Praza Maior, perxudicando a un hosteleiro, polo que lle parece un acto de mala fé.

Resposta o Sr. Alcalde: Acabaron de montar moi tarde e despois a praza estaba chea o que dificultaba a súa saída. Finaliza a súa intervención negando a existencia de mala fé ou malintención neste acto.

**4ª PREGUNTA.-** O Concello dispón dunha pala e dun tractor desbrozador e os traballos están sen facer, dí que temos a maquinaria se ben non temos persoal que a manexe, polo que solicita a contratación de persoal e así non ter a maquinaria parada.

Resposta o Sr. Alcalde: A maquinaria está a funcionar e de feito ou están desbrozando ou colaborando na reparación de camiños; dí que o persoal que as manexa está suficientemente capacitado e de feito xa levan traballando con elas máis dun ano.

**5ª PREGUNTA.-** Interesalle saber cando se vai a proceder a limpeza dos ríos, xa que vai a pasar o verán e seguen igual que antes.

Resposta o Sr. Alcalde: Existe un proxecto da Confederación Hidrográfica para a realización do dragado dos ríos; dí que o Concello de Ribadavia é prioridade unha e que o importe do proxecto ascende a 100.000 euros; en canto o inicio das obras dí que comenzarán en setembro por recomendacións dos propios técnicos.

**1º ROGO.-** Rogaríalle o Sr. Alcalde que se proceda a limpeza do sumidoiro existente na Praza Maior, sobre todo se temos en conta que se trata dunha obra recente.

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que ese sumidoiro limpouse dúas veces no derradeiro mes, polo que haberá que averiguar cál é o problema existente.

**2º ROGO.-** Rogaríalle o Sr. Alcalde que agora que hai brigadas, procédase a limpeza dos camiños dos pobos.

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que as brigadas contralumes están procedendo a limpeza e acondicionamento dos camiños, así como nos vindeiros días comenzarán a funcionar brigadas para acondicionar camiños rurais.

Neste intre, abandoa o salón de sesión o concelleiro do grupo municipal do P.P., Don Carlos A. Pinal Hermida.

**3º ROGO.-** Rogaríalle o Sr. Alcalde que se repoñerá o alumeado da pasarela da Foz, así como que se repoñan as madeiras e os tornillos que faltan.

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que foi este grupo de goberno o que fixo traballos de reparación da pasarela (madeiras e torcas); en canto o alumeado di que estabanse a repoñer, se ben debido os constantes actos vandálicos optouse por colocar un foco que ilumine a pasarela para que se poida transitar por ela.

**4º ROGO.-** Na Veronza estropeouse unha mesa e en vez de reparala retirouse e nunca se soubo máis dela, polo que roga que cando se estropee o mobiliario urban, se repoña..

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que se repuxeron e repararon tódolos bancos existentes na zona antiga da Veronza; en canto a zona nova retirouse o danado e colocárase unha vez reparado.

**5º ROGO.-** Rogaríalle o Sr. Alcalde se proceda a reposición da farola da fonte da Praza, xa que fai dous anos que falta e aínda non se repuxo.

**6º ROGO.-** Rogaríalle o Sr. Alcalde que procure arranxar o mellor posible este pobo, xa que non lle vai moi ben.

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que eso é o que están a facer xa que foi a herdanza que lle deixaron.

Concluído o anterior, ás nove menos vinte da noite, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia rematouse a sesión no lugar e data ao principio sinalados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,





